



As reunións manterase o sábado 2 de agosto ás 21h no local das AVV de Panxón e o domingo 3 ás 12h no auditorio de Priegue.

O goberno de Nigrán manterá reunións abertas coas asociación de veciños de Panxón en Priegue este fin de semana, para tratar o novo plano Vigo Íntegra proposto pola consellería de política territorial da Xunta de Galicia. O PSOE de Nigrán considera que a autoestrada debe potenciarse como unha verdadeira vía de comunicación intermunicipal libre de peaxe. Unha vía de alta capacidade capaz de dar saída ós desplazamentos interurbano, sen necesidade de novos vias estruturais que o que farían sería dividir o concello sen potenciar as comunicacións internas nin formatar o transporte público.

O PSOE de Nigrán manifestou nunha nota publicada o pasado 11 de xullo, a súa postura contraria á execución destes vias, considerando que o tecido viario de término municipal debería contemplar o trazado de vias transversais ó eixo Norte-Sur.

Así mesmo consideran que o vial proposto paralelo ás dúas estradas principais que comunican con Vigo, é relativamente próximo á C-550, condiciona de xeito significativo o natural crecemento e expansión do centro de Nigrán no futuro.

O PSOE de Nigrán tamén considera que dado que o vial remata en Porto do Molle e polo tanto amósase como unha infraestrutura municipal, debe ser o Concello quen propoña o trazado desta infraestrutura. Esta cuestión é clave en tanto que no Concello de Nigrán atópase en plena redacción do PXOM e implantación da Axenda 21 Local, procesos participativos que deben marcar as liñas de actuación estratéxicas de desenvolvemento sostible do Concello